

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DIA 20 DE ABRIL DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de abril de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de abril do dous mil nove (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**1.- EXPEDIENTE 13/08/2008/289 DE CONSELLERIA DE MEDIO RURAL**

“Visto o escrito da Consellería de Medio Rural , onde solicita Licenza de actividade para a construción dun centro Vitivinícola, no lugar de Catro Camiños, Santo André.

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 14.04.09 no que se fan as seguintes consideracións:

*“Recae unha resolución de data 27 de marzo de 2009, resolución que é denegatoria.”*

Visto o Informe Xurídico de data 17.04.09 no que se fan as seguintes consideracións:

*1º.- De conformidade cos artigos 37 en relación co 33.2 da LOUGA e da memoria presentada polo solicitante non se trata dun dos usos permitidos pola Lei.*

*2º.- Visto o informe da COTOP de data de entrada no Concello de 02 de abril de 2009 e nº RE 2200 no que se resolve:*

***DENEGAR*** ao Servizo de Estructuras e Infraestructuras Agrarias da Consellería de Medio Rural a autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico, prevista no artigo 41 da LOUG para construción de centro vitivinícola consonte ós fundamentos anteriormente expostos.

3º.- *Visto o informe técnico de data 14 de abril de 2009 do Arquitecto Técnico Municipal do Concello no que se di: “recae unha resolución de data 27 de marzo de 2009, resolución que é denegatoria”.*

### **CONCLUSIÓNS**

*Infórmase desfavorablemente a solicitude de outorgamento de licenzas presentada pola Consellería de Medio Rural ó informarse desfavorablemente pola COTOP a realización deste tipo de actuacións, ademais de non cumprirse a normativa urbanística vixente.*

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda denegar a licenza solicitada por non axustarse ó ordenamento xurídico”.

### **2.- EXPEDIENTE 66/342 JERÓNIMO DOCAMPO MARTINEZ . BODEGAS DOCAMPO**

“Visto o escrito de Don Jerónimo Docampo Martínez, no que se solicita licenzas para a substitución completa da cuberta da Casa Rectoral de Sampaio”

Visto o informe do aparelador municipal Don Elías Pato Rodríguez de data 28.01.09, tamén con carácter desfavorable ao non obterse autorización de Cultura denegando dita solicitude de licenzas.

Visto o Informe Xurídico de data 28.01.09 tamén con carácter desfavorable ao non obterse autorización de Cultura.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda denegar a licenzas solicitada por non axustarse ó ordenamento xurídico, posto que a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural é desfavorable”.

### **3.- EXPEDIENTE RIB/S/169.3.03 GUILLERMO LOPEZ CARBALLAL en representaicon de CONSTRUCCIONES LOPEZ CARBALLAL, S.A**

“Visto o escrito de GUILLERMO LOPEZ CARBALLAL, EN REPRESENTACIÓN DE CONSTRUCCIONES LOPEZ CARBALLAL, S.A, onde solicita Licenzas de obra para a reforma do proxecto de rehabilitación da Casa do Furancho.

Visto o informe da arquitecto Dona Mercedes Álvarez López de datas 14.04.2009 e no que se fan as seguintes consideracións:

**INFORME:**

**A documentación técnica presentada, “Proxecto Básico para Rehabilitación da Casa do Furancho” de data de visado colexial de 26 de agosto de 2008, “Reformado, novembro 2008” de data de visado colexial de 15 de decembro de 2008, e “Reformado de Proxecto Básico e Proxecto de Execución para Rehabilitación da Casa do Furancho, de data de visado colexial de 27 de febreiro de 2009, está redactada polo arquitecto D. Luís Antonio Chao Gómez, estando o seu cargo a Dirección Facultativa das Obras.**

**Trátase dunha edificación, destinada a uso de local comercial en planta baixa, unha vivenda en planta primeira e outra en planta segunda e baixo cuberta. Fachada principal cara á rúa Salgado Moscoso e fachada lateral cara á praza. Paramentos de fachadas de pedra en planta baixa e, aparentemente, de barrotillo con acabado enfoscado e pintado en plantas altas. Carpintería exterior de madeira, con balcón corrido de estrutura de madeira e varanda metálica na planta alta. Cuberta con faldóns a catro augas de pranchas de fibrocemento con restos de tella. Estrutura horizontal, de escaleiras e de formación de cuberta, a base de vigas e entramado de madeira; estrutura vertical de muros perimetrais de carga de pedra. O acceso ás plantas altas realízase ó través dun patín de pedra. Na actualidade existen dúas vivendas, sen embargo a zona de acceso á vivenda de planta segunda e altiño realízase polo mesmo espazo que a comunicación entre as dependencias da vivenda de planta primeira.**

**As obras a realizar comprenden:**

- Mantemento da estrutura horizontal de madeira existente, coa substitución de elementos danados por outros tamén de madeira; formación dunha nova escaleira interior.**
- Nova distribución interior mediante tabicaría de cartón-xeso cos respectivos acabados interiores, execución de novas instalacións;**
- Substitución da carpintería existente por outra de madeira de pintada con contraventás tamén de madeira.**
- Execución de faldóns de cuberta de pranchas de fibrocemento con tella curva; canos e baixantes de cobre.**
- Limpeza e novo rexuntado dos paramentos de fachada de pedra, reparación do morteiro nos paramentos enfoscados e acabado en pintura en cor ocre.**

**A documentación técnica que se presenta da resposta ó requirido pola Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 15 de decembro de 2008.**

**RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO DECRETO 262/2007, DO 20 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO:**

**O presente Proxecto conta coa Concesión da Excepcionalidade, de data de 14 de outubro de 2008, dos apartados II.A.3.5 (o dormitorio principal non achega ós 12,00 m<sup>2</sup>) e II.A.2.2 (carece de espazo de área de lavado e tendal), referidos a vivenda A; e II.A.3.6.1 e II.A.3.10 (inscrición dun cadrado de 1,50x1,50 no acceso á vivenda) da vivenda B; e apartado II.B.4 (espazos comúns).**

**RESPECTO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE:**

**Dado que a edificación está incluída dentro da delimitación do Casco Histórico de Ribadavia, son de aplicación as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (P.E.P.R.I.).**

**\* CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:**

**A edificación inclúese dentro do Solo Urbano Consolidado do núcleo urbano de Ribadavia.**

**Dado que se atopa situada dentro da delimitación do Conxunto Histórico de Ribadavia, entendese que está exenta da paralización de Licenzas inherentes á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, apartado f) do acordo de aprobación inicial, xa que no citado documento non se recollen modificacións neste ámbito.**

**\* GRADO DE PROTECCIÓN**

**A edificación está contemplada con Grado de Protección Ambiental polo P.E.P.R.I.**

**As obras a realizar inclúense dentro das permitidas polo artigo 21 do P.E.P.R.I.**

**\* USOS PERMITIDOS**

**Mantense o uso preexistente, residencial en plantas altas e comercial en planta baixa, que se inclúen dentro dos usos protexidos ou recomendados e permitidos, respectivamente, no Capítulo I. Usos da edificación das Ordenanzas do P.E.P.R.I.**

**En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.**

**O Presuposto de Execución Material que se estima no Reformado de Proxecto Básico e Proxecto de Execución presentado é de**

**113.843,09 € (cento trece mil oitocentos corenta e tres euros con nove céntimos).**

**O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras**

**Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal:**

- O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras de demolición interior, para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.**

**Antes do Inicio das Obras deberá presentarse o Oficio de Designación do técnico director da Execución Material das Obras e do técnico coordinador en Materia de Seguridade e Saúde. Así como, presentarse o correspondente Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións de acordo co RD Lei 1/98.**

Visto o dictamen da Comisión de seguimento con carácter favorable do PEPRI do 15.12.08.

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

*1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do numero de vivendas de locais, nin afecten ao diseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condición de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.*

*2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistiendo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.*

*3.- En base a argumentación exposta, en principio a licencia para rehabilitación da casa do Furancho trátase dunha obra maior.*

*4.- De acordo co art. 16 do PEPRI ao tratarse dunha obra maior precisaría do dictamen da Comisión de seguimento que foi obtido o 15.12.2008 con carácter favorable.*

*5.- De conformidade co art. 21 do PEPRI as obras que se pretenden realizar son obras permitidas e respecto do uso o Capítulo I do Título 6º permite o uso comercial en planta baixa, manténdose o uso residencial preexistente nas plantas altas.*

6- Por último como se desprende do informe da arquitecto de data 14.04.2009 a actuación que se pretende realizar non está afectada pola suspensión de licenzas.

### **CONCLUSIÓNS**

*Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.*

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza de obra para rehabilitación da Casa do Furancho.”

#### **.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** rehabilitación da Casa do Furancho.

**Contía na que se orzan as obras:** 113.843,09 €

**Situación e emprazamento das obras:** Salgado Moscoso nº19

**Redactor do proxecto e dirección execución material das obras:** don Luis Antonio Chao Gómez

**Nome ou razón social do promotor:** CONSTRUCCIONES LOPEZ CARBALLAL S.A

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 113.843,09 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 2.559,92 a ingresar.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar o inicio das obras de demolición interior coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

**Condicións técnicas: non constan**

Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas, e debendo presentarse, antes do Inicio das Obras os correspondentes Oficinos de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

#### **4.- EXPEDIENTE 18/02/2009/1323-ON/40 ANA M<sup>a</sup> RAMOS LOPEZ en representación de CAMPSA ESTACIONES DE SERVICIO S.A.**

“Visto o escrito de ANA MARIA RAMOS LOPEZ, en representación de CAMPSA ESTACIONES DE SERVICIO S.A, onde solicita Licenza de obra para renovación de aparatos surtidores, instalación mecánica, pavimentos de pista e saneamento de gasoleira.”

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodriguez de data 06.03.2009 e no que se fan as seguintes consideracións:

*1. Compatibilidade con el planeamiento en trámite:*

*1.1. El PXOM fue aprobado inicialmente en sesión ordinaria del Concello, Pleno celebrado el día 30 de octubre de 2008. Según punto 4 “Aprobación Plan Xeral de Ordenación Municipal”.*

*1.2. En el apartado tercero (4-3) se señalan las zonas concretas en las que se suspenden licencias así como se establecen las pautas de interpretación. En cualquier supuesto no se podrán generar situaciones contrarias a la planificación en tramite.*

*1.3. Según el PXOM. A. I., la ubicación corresponde a suelo UNDI-1 margen derecha y UNDI-2. margen izquierda. Áreas de Suelo Urbanizable no Delimitado uso Industrial. Así como a suelo Rustico RPIN. Suelo Rustico de Protección de Infraestructuras.*

*1.4. No cabe la posibilidad del tramite de licencias por encontrarse en el periodo reglamentario de suspensión de licencias. Suspensión que se puntualiza para las categorías del suelo Urbanizable en el documento de Aprobación Inicial. “Terceiro” apartado “d”).*

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

*1.-De conformidade co acordo plenario de suspensión de licencias de data 30.10.2008 relativo á aprobación inicial do PXOM no que se facía referencia á suspensión de licencias, concretamente no seu apartado 3º considero que a actuación pretendida estaría afectada por dita suspensión ó ser incompatible a ordenación urbanística establecida polas normas subsidiarias coa normativa de aprobación inicial do PXOM.*

### **CONCLUSIÓNS**

Infórmase desfavorablemente o outorgamento da licenza solicitada ó ser contraria á lexislación aplicable.

A Xunta de Goberno Local, deliberado sobre o particular de acordo cos informes xurídicos e técnicos acorda denegar o outorgamento da licenza solicitada, ó estar afectada pola suspensión de licencias que implica a aprobación inicial do PXOM, posto que existe incompatibilidade entre o establecido polas normas subsidiarias e o establecido coa aprobación inicial do PXOM

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.**

#### **CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

“Vista a solicitude de **Guillermo López Carballal en representación de Consstrucciones López Carballal, S.A.**, con domicilio na Francelos, no que presenta “reformado de Proxecto e Proxecto de Execución para Rehabilitación da Casa do Furancho, coa finalidade de dar resposta ó solicitado pola Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I de data de 15 de decembro de 2008, e obtención da correspondente Licenza de Obras e das Axudas Económicas para a rehabilitación, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

“Solicitude de información urbanística interesada por **don Fernando Manuel Soto Alvarez**, con domicilio na Plaza da Legion nº11 Entrlo. Ourense, co número de rexistro de entrada 2530. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16.04.2009 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en

Vendaval nº2 (casa non habitable sita a continuación A Casa Sindical), a solicitude de don Fernando Manuel Soto Alvarez, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

#### **SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN Ó POSTO DE TRABALLO.**

“Solicitude de Don Antonio Miguez Amil, persoal laboral fixo do Concello de Ribadavia, con data de rexistro de entrada 20 de abril do 2009 e nº RE 2616, relativo a incorporación ó posto de traballo debido á finalización da excedencia autorizada no seu día.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros readmitir a Don Antonio Miguez Amil, que se incorporará ó seu posto de traballo a partir do 01 de xuño do 2009.

“Visto o escrito de **don Marcial Travieso González**, con domicilio en Franqueirán, s/n (Ribadavia), co que acompaña a autorización da súa filla, dona Laura Travieso Lorenzo, que solicita facerse cargo dos recibos de ocupación do dominio público e no que interesa o cambio de titularidade a favor da súa filla, da sepultura sita no terceiro socalco dereito do cementerio de Ribadavia que figura a nome de MARCIAL TRAVIESO GONZALEZ.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación presentada, acorda acceder ao solicitado, polo que a partir de presente data o recibo correspondente á sepultura xirarase a nome de dona Laura Travieso Lorenzo, sen que este cambio de titularidade non supoña dereito de propiedade de ningún tipo sobre o sepultura en cuestión.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Dase conta por parte do Secretario da Providencia remitida polo Xuzgado Contencioso administrativo nº2 de Ourense, con data de rexistro de entrada de 16 de abril do 2009 e nº RE 2547, relativo a un requerimento de pago a fin de que en 15 días se proceda ó pago da cantidade indicada.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **CUMPLIMENTACIÓN DE ACORDO**

Dase conta por parte do secretario do acordo de Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro do 2008 que adolece dun erro na súa trascrición, de xeito que **onde dí:**

**“1º.- TRASMISION TITULARIDADE LICENCIA**

*Solicitud de Don Julio López Rodríguez con data de RE 25.06.08 e nº RE 3876 relativo a cambio da titularidade de local café bar sito na rúa Progreso nº33 Baixo.*

*A Xunta de Goberno Local COMPROBADO que o local conta coa preceptiva licencia sen que a mesma estea caducada, ademais de que non existe modificación da actividade que se vai a realizar e que consta a autorización de Don Vicente López Martínez con DNI 12216297P e mediante a que cede voluntariamente a titularidade da actividade de bodega a favor de XUNARA, S.C., que está ao corrente do pago do Imposto de Actividades Económicas mediante liquidación do Interventor de data 14.07.08 e que consta informe da Arquitecta de que o estado actual do edificio se axusta a documentación técnica presentada no momento de solicitude inicial de licencia.*

*RESULTANDO que o artigo 13.1º e a Disposición Transitoria Terceira do Decreto 2414/1961 permiten a transmisión de licencias de actividade.*

*ACORDA tomar coñecemento do cambio de titularidade do local antedito a favor de XUNARA, S.C. o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92 .”*

**Debe decir:**

*“ACORDA tomar coñecemento do cambio de titularidade do local antedito a favor de XUNARA, S.C. o tratarse dun acto de mera comunicación do art. 42.1º da Lei 30/92 ., que non obstante para o exercicio da actividade deberá proceder á taxa por apertura de establecementos por un importe total de 81,86 €”*

**SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“O abeiro da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos Concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse á Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos Concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.”

**ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2008 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIONS A CORPORACIONS LOCAIS PARA A ADECUACIÓN E MODERNIZACION DE EQUIPOS COMERCIAIS (LIÑA MERCA) E VERTEBRACION DO COMERCIO URBANO (LIÑA URBANCOMER), EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE RENOVACION E MELLORA DO COMERCIO GALEGO..**

“Vista a Orde do 31 de Decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións a

Corporacions Locais para a adecuación e modernización de equipos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña Urbancomer), en desenvolvemento do plan de Renovación e mellora do comercio galego”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención, prestando aprobación a “Diagnose e Plan de Mellora Comercial de Ribadavia”, por importe de 18.000 euros máis I.V.E. que financiarase coa subvención concedida e o restante do proxecto con fondos propios e subvencións solicitadas a outros organismos.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 4 da mesma”.

#### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

PIROTECNIA LA GALLEGA S.L., subministración de fogos artificiais para as festas do Portal 2008 (8 e 9 de setembro), por importe de 9.000 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN PERSONAL LABORAL TEMPORAL.-**

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 17.04.09 relativa a contratación de persoal laboral temporal para a contratación dun arquitecto para aplicación das normas do habitat mediante contrato laboral temporal, de conformidade coa orde de 16 de xaneiro de 2009, DOG nº15 do 22 de xaneiro do 2009.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Informe xurídico de data 17/04/2009 no que se fan as seguintes consideracións

#### **CONSIDERACIONES XURÍDICAS**

*1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.*

2ª.- O artigo 61 parágrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todos as Administracions Publicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calqueira caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 parágrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xursiprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007).

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, postura que non obstante podería estar matizada pola TR 1/2008 de Función Pública de Galicia, entendendo que no caso concreto a cobertura do posto debería ser mediante funcionario polo tipo de tarefas a desenvolver aínda que ao tratarse dunha actuación subvencionada mediante orde de 16 de xaneiro de 2009 (DOG nº15 do 22 de xaneiro do 2009) e ao non presentarse un carácter permanente este tipo de actuación subvencionada parece mais oportuno optar pola figura dos laborais.

6ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal ( Disposición Adicional Segunda do RD 896/91, sen perxuício da posibilidade de aplicar supletoriamente outras normas) considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade.

#### **CONCLUSIÓNS**

*En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral temporal para a realización de funcións na oficina do PEPRI.*

2º. Bases de selección de data 17/04/2009.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación das Bases de selección de persoal laboral temporal para aplicación das normas do habitat a través de contrato de obra ou servizo determinado.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO